

Comentarios subidos ao blog do I. Sánchez Cantón no curso 2012-2013 EU DE MAIOR QUERO SER

María, Cris, Ainhoa, Miguel e Fran son os cinco protagonistas. Tres rapazas e dous rapaces no último ano na universidade en Santiago. María e Cris son dúas amigas inseparables, inqueadas ante as incertezas do seu futuro; Ainhoa, a vasca, é unha loitadora, unha rapaza comprometida con todas as reivindicacións habidas e por haber; Miguel é un rapaz coa vida dedicada enteiramente aos seus estudos, posto que se repite algún ano perderá a bolsa que lle concederon; e Fran é un bohemio que percorre o mundo tocando a guitarra. O que os une aos cinco é o piso que comparten desde que se coñeceron, na zona vella de Santiago. O tema da historia son as dúbidas dos rapaces ante o seu futuro. Ningún deles ten totalmente claro o que vai facer unha vez rematada a carreira. O peor de todo é a perspectiva de ter que separarse, cada un ten que tomar o seu propio camiño e non poderán seguir xuntos. Conforme a historia avanza e a separación se aproxima, os personaxes van evolucionando, reflexionando sobre o seu futuro e asumindo o inevitable final desa etapa tan importante da vida.

Rosa Aneiros móstranos neste libro o modo de vida dos estudantes universitarios, representándonos de maneira moi precisa as súas preocupacións diarias (o interminable estudo, o reparto das tarefas domésticas, os problemas amoroso, a organización de festas, etc.), e fai unha reflexión sobre os problemas da mocidade para atopar o seu lugar no mundo. O libro intenta expoñernos o mundo interior dos personaxes, reproducindo as súas reflexións interiores. A voz narradora é omnisciente e neutral, e utiliza a terceira persoa. Adopta ao longo de todo o libro unha linguaxe sinxela e rexistros coloquiais, o que o fai fácil de entender. Os personaxes son redondos, posto que son moi complexos psicolxicamente e evolucionan ao longo da historia. Eu recomendaríalle este libro a todos os estudantes que van empezar pronto a carreira universitaria, posto que o libro lles axudará a coñecer e comprender moito mellor a vida que lles agarda no próximos anos. **(Joaquín)**

Este libro redactado a mans de Rosa Aneiros trátase dunha novela ambientada en Santiago de Compostela, máis concretamente na Cidade Vella, onde María, Cristina, Ainhoa, Fran e Miguel, cinco mozos universitarios que están no derradeiro ano de carreira, teñen un piso alugado dende que se coñeceron. Pero malia súa forte amizade, cada un ten as súas inqueadas fronte ao futuro que lles agarda. Cristina ao igual ca María, é unha rapaza intranquila pola súa situación económica; Ainhoa, a vasca, é moi sufrida e loitadora, e está completamente namorada do seu "príncipe azul" Gorka; Miguel é un rapaz dedicado única e exclusivamente aos estudos de dereito, posto que aínda lle queda un ano e se repite perderá a bolsa que lle concederon; e Fran é simplemente un bohemio que percorre o mundo coa guitarra ás costas. En canto ao tema da historia, podemos dicir que é unha transición da adolescencia á vida adulta cós titubeos dos rapaces ante o seu futuro. Ningún deles ten totalmente claro o que vai facer unha vez rematada a carreira, pero o peor de todo é saber que terán que separarse e tomar o seu propio camiño. Pouco a pouco sabendo que o final se aproxima, van reflexionando e asumindo o paso desa etapa tan difícil. Desta forma a autora amósanos a vida do grupo universitario coas súas preocupacións diarias facendo unha reflexión sobre os temores dos mozos á hora de enfrontarse ao mundo. O libro en xeral está ben redactado, adoptando ao longo da historia unha linguaxe sinxela e rexistros coloquiais, o que o fai máis ameno. A min gustoume especialmente, xa que ademais de ter una trama interesante para rapaces da miña idade, está escrito de forma que podemos identificarnos cos personaxes; por exemplo (malia que son redondos, é dicir, complexos psicolxicamente) eu sentínme moi semellante a Fran. Eu recomendaríalle este libro a todos os estudantes que, coma min, pouco lles queda para comezar a carreira universitaria, posto que o libro axuda a comprender moito mellor a dura vida que nos agarda no próximos anos. **(David)**

O texto amosa a realidade da vida universitaria e a convivencia nun piso de aluguer de varios estudantes (reparto de tarefas, organización de festas, exames, problemas de amoríos ...). A historia é interesante porque reflicte as vivencias diarias de cinco universitarios en Santiago. Os momentos significativos que se desenvolven na novela dan paso mediante unha voz narradora ó mundo interior dos personaxes, que fan reflexionar ao lector sobre a realidade da xuventude. Os temas que tratan son comúns á maioría da mocidade como: as dificultades de alcanzar a estabilidade afectiva, os problemas da vivenda, do traballo, a incerteza do futuro ... Hai que destacar que as diferenzas en canto a madurez, expectativas e personalidade dos protagonistas non lles impide ter un ambiente de camaradería entre eles. Chamoume a atención que ao longo da historia se manifesta a inqueada e tristura dos personaxes por ter que separarse ó rematar o curso, preocúpalles a todos, xa que a

convivencia deses tres anos supuxo para eles un etapa difícil de esquecer e que non volverá. O texto fíxome reflexionar que a convivencia é posible se hai boa vontade e bos sentimentos. O final non todos son capaces de facer realidade as ilusións creadas, hai quen consegue o éxito persoal, outros o profesional e tamén hai quen se conforma cunha tranquila mediocridade. En xeral o libro gustoume polas experiencias que transmite e que nos poden axudar nun futuro próximo. A autora consegue que nos poidamos identificar cos personaxes. **(Yeray)**

Este libro non me resultou moi entretido, xa que non tiña ningunha trama en concreto, só contaba a vida de cinco mozos que vivían en Santiago e estudaban na universidade. Aínda así, pareceume interesante e moi realista. É un relato diferente de todos os de sempre sobre historias de medo ou de amor, é un libro que reflicte totalmente a vida dos estudantes de hoxe en día: saír, estudar, ter bos amigos ... Ainhoa, foi a personaxe do libro coa que máis me identifiquei, xa que eu tamén son unha persoa responsable que me gusta ter todo moi ordenado coma a ela, gústame defender os meus dereitos e estou totalmente a favor das organizacións que intentan mellorar o medio ambiente. Ademais, era moi festeira, gustáballe estar en todas e non por iso deixaba de estudar para a súa carreira. Deume moita mágoa o final, xa que eu pensei en todo momento que Ainhoa tamén estaba namorada de Miguel, ao igual que el dela. Polo tanto, tiña a esperanza de que a última hora, Ainhoa decidise non irse con Gorka e que lle contase a Miguel os seus sentimentos cara el. Sen embargo, non pasou, así que leveime unha gran sorpresa. Por outra banda, non me abraiaron os sentimentos de Miguel cara a súa amiga a ecoloxista, dado que xa o supuña. Miguel, foi o personaxe que máis mágoa me deu da historia, xa que ao igual que nos pasa a todos os adolescentes, e tamén cando somos máis maiores, preocupábase máis de estudar que de "coidar" dos seus amigos, e iso lle traía grandes consecuencias, xa que logo non contaban con el para facer planes. E isto, é algo que nos pasa a todos nalgún momento das nosas vidas, por iso tamén me sentín un pouco identificada con el, pero nin a metade que con Ainhoa. Cris, en cambio, non me deu moi boa impresión, xa que me pareceu a típica nena filla de papá e mamá que fai calquera cousa por poder ter o que ela quere, e por iso, deixou que os seus pais lle meteran nun internado en Londres. Debería ter algo de personalidade. Xa tiña vinte anos e pico, non tería que facer o que queren os seus pais, é o suficientemente maior para decidir o que é mellor para ela. Pero xa se veu que era unha persoa que dependía de seus pais para todo. En relación a Cris, quedei coa intriga de qué pasou cun rapaz que fora noivo seu, (dado que no libro o deixan un pouco coma no aire, sen dar moitos detalles) o cal lle fixera algo que a deixara marcada. Fran e María, tiñan unha relación moi especial entre eles, pero era simplemente de amigos, coma se foran irmáns. Aínda así, eu durante toda a historia pensei que ían rematar xuntos, que os dous estaban namorados, pero trabuqueime. Fran, era unha persoa demasiado libre e despreocupada coma para namorarse. Non me agradou o final da historia, non me gustou que despois de todos os anos de carreira xuntos, non volveran quedar. Eran moi amigos e tiñan un vínculo moi forte, polo que pensei que, aínda que remataran a carreira, seguirían quedando en verano por exemplo, ou simplemente algún día para tomar un café e contarse as novas. Pero deberon quedar dúas ou tres veces como moito, cada un foi polo seu camiño e fixeron vidas totalmente separadas. Este final, foi o que máis me recordou á vida. Todos temos moitos amigos ao paso dos anos, uns que recordaremos sempre e outros que non foron tan importantes, pero, case sempre separámonos, aínda que teñamos un vínculo forte. A vida dá moitas voltas, e nunca saberemos o que nos depara o futuro. **(Carla)**

Gustoume bastante porque utiliza un linguaxe sinxelo e coloquial, que concorda totalmente coa historia que esta a contar. O libro trata sobre a vida universitaria de cinco rapaces, María, Cris, Ainhoa, Fran e Miguel. Agás este último, todos van rematar a carreira este ano e iso aterrorízalos. A súa inseguridade cara o futuro, o que vai ser deles e, sobre todo, saber que se van separar e probablemente non se volvan a ver en moito tempo. A historia desenvólvese en Santiago de Compostela, onde os cinco amigos comparten un piso e asisten as clases da universidade. Está escrito en terceira persoa, o narrador é omnisciente e neutral. Ademais os personaxes son redondos, xa que son complexos psicolxicamente e maduran ao longo da historia. O entorno que os rodea está cheo de exames finais e tarefas domésticas que hai que repartir, pero non por iso deixan de gozar da súa xuventude saíndo e facendo festa sempre que poden. Por outra banda, cadaquén ten as súas aficións. Ainhoa participa en todas as manifestacións que hai e vai a recitais poéticos ou mesmo concertos. Gustoume moito este personaxe porque é unha rapaza madura, centrada, organizada, traballadora coa que te podes identificar facilmente. Do mesmo xeito tamén me gusta a súa relación con Gorka, o vasco do que está namorada e co que permanece loitando contra todas as inxustizas do mundo. Cris é unha rapaza alegre, un pouco hipocondríaca que quere ser

rebelde pero depende totalmente dos seus pais e non é capaz de negarse ao que eles lle impoñen por o traballo que iso lle suporía. María estuda Filoloxía Galega, mais non ao final do libro non se ve que chegue a exercer coma mestra, xa que o medo ao futuro sempre é superior a ela. Necesita a seguridade que lle proporcionaba estar no piso cos seus amigos e que ao perder a deixa desprotexida. Fran, todo o contrario que elas, non cambiou os seus soños. El era un bohemio, un artista e segue a selo, gravou un disco e aínda pode chegar moito máis alto. É moi extravertido e resúltalle doado facer novas amizades. E por último Miguel. El estuda Dereito e consegue converterse en un avogado importante en Madrid, mais non se sabe se todas as horas empregadas en estudar e non ir de festa ou saír con amigos lle pagaron a pena. A pesar de pasarse a maior parte do tempo encerrado na súa habitación, namórase de Ainhoa, para min unha sorpresa xa que non o esperaba. Antes de rematar, houbo unha parte do libro que chamoume moito a atención por como estaba escrito. Foi un paragrafo ao final dun capítulo, cando Fran saca o tema dun noivo do pasado de Cris e iso lle fai moito dano a ela, e deixa con moita curiosidade ao lector porque non se dan máis datos. Pois Fran vai pedirlle desculpas a súa habitación e a forma na que está escrito recórdame a un soño, cando sabes o que viviches pero o recordas como se o viras desde fora. E esa impresión deixoume ese paragrafo, no que sabes o que pasa pero queda na memoria como un recordo borroso. En conclusión, recoméndolle este libro a todo o mundo que este a pique de entrar na universidade, xa que é unha gran axuda para saber que podes esperar nos próximos anos. **(Irene)**

Neste libro relátase a historia de 5 rapaces que están a convivir nun piso na cidade de Compostela. Este libro aínda que non ten un fío argumental, resultoume interesante xa que dentro de dous anos máis ou menos eu terei que elixir o meu piso de aluguer, e sobre todo terei que escoller con moito tino os compañeiros de piso, xa que como queda demostrado na obra, aínda que todos parezan colaborar, sempre haberá alguén que sexa a pedra angular para a supervivencia da casa e do benestar común. Sentirse identificado cun so personaxe da historia é moi difícil, xa que eu son como unha mestura, gústame ter as cousas no seu sitio, coma Ainhoa, que era a "nai", pero tamén me gusta deixarme levar e que sexa o que Deus queira, coma Fran. Como a todos os mozos, gústanos a festa, pero non hai que esquecer os estudos. Penso que a doutrina que é menos aconsellable para seguir é a de Miguel, pero tamén sei que é a que máis xente segue, somos mozos, non nos podemos esquecer, temos que gozar da vida agora, se non cando sexamos velliños desgustarémonos por non haber feito as cousas que quixemos cando puidemos. O que menos me gustou do libro foi a forma que tiña de redactalo nalgunhas partes a autora, utiliza frases moi curtas e entre puntos creando unha sensación de lentitude na obra, cando chegaba a esas partes, parecía que as follas non avanzaban, sentíame como Alicia no país das marabillas cando corría todo o que podía e non se movía do sitio. Para rematar só me queda engadir que este foi o libro máis real que lin neste curso por agora, non só polo tema que se trata se non pola utilización dunha linguaxe directa, informal e máis que común nos mozos de hoxe en día. **(Calixto)**

Decidín ler este libro por recomendación dun compañeiro de clase, xa que ao tratar de temas presentes tamén na miña vida, podería gustarme. Ó principio tíñame boa pinta, semellaba que ía ser un bo libro, deses que conectan ben coa xente nova. Mais a medida que avanzaba lendo, as páxinas e os capítulos pasaban, foime desgustando ata o punto de chegar a aburrirme. O maior problema que topei nesta historia é que carece dun argumento claro, a partir do cal se poda desenrolar a trama ou o cal poda crearche esa intriga de pensar que é o que vai pasar. Polo tanto, pareceume algo máis próximo a un diario que narra o que lles ocorre a uns universitarios: o difícil que son os estudos, as festas que celebran, como reparten as tarefas da casa... é dicir, cousas que eu xa sabía que fan os da facultade antes de ler o libro. O único que penso que me foi útil é que me axudou a ter unha idea do que é a vida universitaria, a dificultade que ten a carreira, a cantidade de xente que podes coñecer, uns máis importantes na túa vida ca outros, as vivencias que acumulas... Sen embargo, houbo unha parte do libro que si que me gustou. Con gustarme quero dicir que me fixo pórme na pel dos protagonistas e tratar de sentir o mesmo ca eles. A parte da que falo son os derradeiros capítulos, dende que Ainhoa e Miguel volven da praia de Vilagarcía. Nesas páxinas nárrese a mágoa que todos os compañeiros de piso senten ao ter que separarse, quen sabe se para sempre, no camiño da vida e ter que deixar atrás aquel piso e aquela cidade xunto cos recordos que ambos levan consigo. En xeral, non é un deses libros que recordarei polo tanto que me gustou ou porque me chamou a atención. Simplemente é un máis dos moitos que lin ata agora. Malia isto, na miña opinión non se debería quitar da listaxe dos de galego, xa que tanto como obrigatorio ou como voluntario está ben xa que é rápido e fácil de ler e comprender. **(Javier)**

"Eu de maior quero ser". Esta é unha frase que escoitei infinidade de veces e que ten finais moi diferentes. A xente quere que teñas o teu futuro claro dende moi pequeno, pero eu penso que con "ser" e vivir a túa vida xa é suficiente e non hai que preocuparse se aínda non podes rematar a frase. O libro de Rosa Aneiros aborda o tema do futuro retratando a vida de cinco universitarios (Ainhoa, Cristina, María, Miguel e Fran) que comparten piso en Compostela. Nesta historia na que se enlazan as vidas dos cinco mozos, o narrador ten unha participación externa creando así unha narración heterodiexética en terceira persoa. A omnisciencia do narrador é fundamental pois os protagonistas son máis pasionais que racionais e os pensamentos e os sentimentos xogan un papel fundamental. Cada personaxe é un mundo diferente e entre todos se complementan á perfección. Cabréanse uns cos outros e despois reconcílianse porque a convivencia non é nada fácil e moito menos se os cartos chegan tarde para pagar os gastos da casa ou as tarefas non se cumpren nos horarios establecidos. Pouco a pouco todos evolucionan, son personaxes redondos, e aceptan que o seu tempo de estudo rematou e que é o seu último ano na Universidade. A verdade é que cada un toma un camiño moi diferente, algúns con máis sorte que outros, pero todos constrúen o seu futuro. Miguel estuda todos os días, non vai de festa e sacas moi boas notas, pero os seus compañeiros se preguntan se lle pagou a pena todo o esforzo que fixo. No libro non se deixa moi claro se Miguel está contento coa súa vida de prestixioso avogado ou non. Paréceme unha mensaxe de que é mellor non estudar, pasalo ben e xa aprobarás, pois aproba os comportamentos dos demais e desaproba dalgunha maneira o de Miguel. Aínda que é certo que o caso deste estudante é un pouco extremo. A reprodución é de estilo directo rexido, pero presenta moitas irregularidades e símbolos que fan a lectura do libro un pouco máis difícil. A trama non é moi complexa, pero tampouco forma unha verdadeira historia que te axude a comprender mellor aos personaxes, só é a narración do día a día duns mozos nun determinado momento das súas vidas. O escenario é totalmente universitario e próximo, pois todo acontece en Santiago e arredores. Non é un libro que me gustase moito, máis ben pola súa estrutura que polo seu contido. A idea de retratar a vida nun piso duns estudantes é boa, pero a maneira na que está expresada esa idea non me chegou a convencer. (Marta)

Eu de maior quero ser, é un libro de Rosa Aneiros, no cal a autora utiliza unha linguaxe moi sinxela e fácil de entender. Esta novela trata sobre vida de cinco rapaces que comparten un piso en Santiago, e acoden as clases na universidade: María, Ainhoa, Miguel, Cristina e Fran. A maioría deles rematan a carreira este ano, polo tanto están aterrados co que pode suceder despois. Ao longo do relato, cada personaxe desenvólvese psicoloxicamente dunha forma distinta dos demais. Os temas a tratar son os comúns na maioría das persoas desa idade, ademais de que tamén inflúe o reparto das tarefas domésticas. Tamén se mostran as preocupacións diarias que os personaxes teñen (exames finais, vida laboral despois da carreira, non volver a ver aos seus amigos en moito tempo...), e dicir, o libro trata de expoñer o mundo interior dos personaxes. Como conclusión, a autora pretende que os alumnos que están actualmente estudando na universidade, ao igual que os que están a pique de entrar nela, se identifiquen co que ela mostra neste libro. (David)

A obra narra as vivencias diarias de cinco universitarios que comparten un piso en Santiago de Compostela. Mediante as narracións dos seus estudos, das súas tarefas domésticas, da organización do piso e das discusións normais dos compañeiros a autora describirá a vida cotiá destas tres mozas e dous mozos. Non hai un tema principal ao redor do cal xire toda a trama, mais poderíase dicir que o tema común son as dúbidas dos rapaces cara o seu futuro, xa que ningún ten claro que vai facer ao remate da carreira, e o medo a unha separación inminente (todos van a ir por camiños separados). Isto suporá a fin dunha amizade. A obra está formada por cinco protagonistas coa mesma importancia cada un: -Ainhoa é unha rapaza vasca que se mudou a estudar a Galicia. É unha muller ordenada, responsable, á que lle gusta defender o medio ambiente, festeira e estudosa. É noiva dun rapaz chamado Gorka co cal loita contra o que creen que é inxusto. -Fran é un rapaz moi liberal e particular. Gústalle de cando en vez irse do piso a dar voltas moi lonxe e ocupar casas, por exemplo. Toca na rúa e así saca algo de diñeiro. Esta afección por tocar levouno a medrar musicalmente ata que conseguiu gravar un disco. -Cristina é unha rapaza bastante mimada á que non lle importa nin o que ela verdadeiramente quere, senón que só quere poder ter todos os caprichos, por isto aceptou que os seus pais a enviaran a un internado en Londres (a pesar de que ela non quería) para que estes non lle cortaran o billa.

-Miguel é un mozo que se preocupa demasiado de estudar dereito e deixa de lado aos seus amigos ou a ter un pouco de respiro indo a algunha festa. Acaba converténdose nun importante avogado de Madrid.

-María está estudando filoloxía galega, e ela quere ser profesora pero ao final non se sabe se conseguiu isto.

Todos eles son personaxes redondos, pois van evolucionando, dunha ou outra maneira, a medida que avanza a historia.

O narrador non forma parte da historia, polo tanto, ten unha participación externa e en terceira persoa gozando da omnisciencia. A historia ten lugar en Santiago de Compostela, no piso das Casas Reais de Compostela. O tempo do discurso é unha prospección, ao avanzar a historia cara adiante. Hai algunhas evocacións retrospectivas, por exemplo cando algún dos protagonistas rememora algún recordo pasado. O libro ten un final pechado, xa que o narrador ata di como acaban as súas vidas os protagonistas, sen deixalo aberto. O título da obra fai referencia, coido eu, ao que queren facer cada un dos protagonistas, xa que ningún o ten aínda moi claro. A verdade é que recibira bastantes malos comentarios sobre este libro cando comecei a lelo, pero a medida que me mergullaba nas súas páxinas foi gustándome bastante. É certo que non destaca pola súa trama super elaborada, mais, na miña opinión, destaca pola súa singularidade. Non é moi usual atopar un libro así, está escrito dunha forma especial e estraña que a min gustoume moito. A narración do día a día duns amigos que comparten piso pareceume bastante innovadora, polo menos para min, xa que os libros que teño lido non tratan disto para nada. Nesta obra atopei unha especie de guía que amosa como é unha convivencia entre amigos, algo que en moitos casos pode ser bastante difícil. Sobre todo é recomendable de ler nestas idades, nas que estou preto da universidade e moitos, como eu, xa pensamos nese futuro inminente e en deixar o niño e independizarnos. Con este libro pódese ver como afrontar todos eses problemas que nos atoparemos cando sexamos independentes. Aínda así, atopei algúns pequenos detalles que estragan un pouco esa sensación que nos quere dar a autora de que estamos diante de todo canto pasa, é dicir, de que vivimos nós mesmos esas situacións que ela nos describe. O uso da ironía e do sarcasmo ao que recorre a autora en moitas ocasións é bastante complicado de captar ao ler, polo que na maioría das ocasións non se comprende moi ben o que a autora quere dicir. Outro fallo que atopei foron as conversas masivas das que fai uso a autora, pon a falar aos cinco compañeiros á vez, o que provoca unha confusión que me impide saber quen está falando ou de que se está a falar.

En conclusión esta é unha obra máis que recomendable, sobre todo, para a xente que está próxima a ir a vivir fóra da casa. Ademais, como xa dixen, coido que está bastante ben estruturada para conseguir facernos vivir as situacións acontecidas no libro. **(Damián)**

Os cinco protagonistas deste libro escrito por Rosa Aneiros: María, Cris, Fran, Ainhoa e Miguel son cinco estudantes universitarios que residen xuntos nun piso de aluguer na cidade compostelán. Algunhas tarefas de esta convivencia causan problemas entre eles como ocorre na realidade, aínda que entre eles existe boa relación. Cada un ten unha forma distinta de vivir a súa vida. O máis estudoso é Miguel que ten un próspero futuro de avogado. O resto viven o momento e non pensan no que lles deparará o futuro. A novela trata os temas que máis preocupan aos mozos como os problemas da vivenda, traballo, problemas de convivencia, medos e incertidume que carrexan a vida adulta ... Narra unha situación producida tódolos anos ao rematar o último curso universitario, moitos compañeiros de piso que acabaron por converterse en amigos deben separarse para iniciar o seu propio camiño laboral. Certos momentos do libro están narrados á perfección e fan que o lector teña interese en rematar de lelo. **(Manuel)**

"Eu de maior quero ser" ten como tema principal a convivencia entre un grupo de estudantes de Santiago. O libro trata, na súa meirande parte, sobre as súas relacións, a vida de estudante que se ten hoxe en día e outros temas semellantes. A pesar de non ter un argumento claramente definido e lineal, que na miña opinión fai que ás veces custe seguir o fío, vese que a autora intenta, con indubidable éxito, facer ver aos adolescentes, posto que é a eles aos que está destinada esta obra, como é a vida cotiá dun grupo de estudantes nun piso de aluguer. Unha das cousas que máis me gusto do libro foi ver a relacións que existían entre eles, a quen lle caía mellor quen, a quen lle gustaba quen... Ese tipo de cousas fan que unha novela se volva máis interesante, xa que creo que a todo o mundo lle gustan ese tipo de cousas, como por exemplo que a Miguel lle gustase Ainhoa, que ten mozo, ou que a todas as rapazas lles gustase Fran. Sentínome identificada con esta obra sobre todo polo feito de que nun ano, máis ou menos, terei que facer o mesmo ca eles e empezar unha vida xunto cuns descoñecidos, un paso moito importante na vida de toda persoa e que para o que non

todo o mundo está preparado, polo que adoita xerar moitas veces malas relacións ou malestar, xa que a convivencia non é para nada sinxela. Aínda así espero estar preparada para afrontar esa nova experiencia, con alegría e con emoción como fan os protagonistas, pois só a vivirei unha vez. **(Marina)**

"Eu de maior quero ser" relata a vida de cinco estudantes no seu último ano de carreira que conviven nun piso en Santiago. Aínda que son moi diferentes entre si e teñen numerosas discusións, están moi unidos e sufrirán moito cando, xa acabados os exames, teñan que volver cada un á súa casa. A historia está contada por un narrador omnisciente, algo crucial, pois permítenos saber os pensamentos de todos os personaxes, o que sería imposible se a narración de historia leváraa a cabo un dos protagonistas. Estes protagonistas son todos de carácter redondo, xa que evolucionan a medida que a historia avanza, cambiando moito de opinión e mesmo a súa forma de ver a vida. Neste libro hai diálogo, en estilo directo rexido, e narración a partes iguais, sendo a miña parte favorita a de narración pois, a pesares de non ser unha historia moi elaborada e na que a acción é escasa, creo que está moi ben escrito e consegue integrar ao lector no contexto da trama. Da mesma forma, penso que un dos maiores defectos desta novela é que nalgunhas ocasións os diálogos carecen de interese e son demasiado banais, discusións como a quen lle toca tirar o lixo ou quen ten que lavar a louza son pouco importantes para o desenvolvemento da historia. Na miña opinión, a autora podería ter prescindido deste tipo de interaccións e centrarse máis nas vidas dos protagonistas, porque a vida dun universitario vai máis alá das tarefas domésticas. En relación con isto, destacaría a figura de Miguel, un dos habitantes do piso, que, segundo os seus compañeiros, limita o seu día a día ao estudo e non aproveita os seus anos como estudante. Non me gusta a postura que a autora adopta sobre este tema, posto que suxire que Miguel desperdiçou cinco anos da súa vida estudando. Aínda que en parte creo que ten razón, penso que ao final obtivo moi bos resultados grazas ao seu esforzo, converteuse nun avogado de éxito, en contraposición aos seus compañeiros que non conseguiron un traballo estable. De todas formas, opino que o ideal sería atopar un equilibrio entre pasar o día de festa e estudar. En xeral, a miña opinión sobre este libro é boa. Isto sorprendeume, xa que me falan moi mal del. Creo que é unha novela para ler sen máis, simplemente pola afección á lectura, porque aínda que non é unha historia moi traballada, está moi ben escrita e é entretida. **(Irene)**

Este libro relata a historia de tres mozas e dous mozos que comparte piso dende que comezaron a estudar en Santiago. A historia desenvólvese no último ano de carreira de todos menos de Miguel, que aínda ten que estudar un ano máis. Os cinco mozos teñen personalidades moi diferentes pero a pesar de todo son bos amigos. O libro non me gustou demasiado xa que trata simplemente da vida destes cinco mozos, pero non pasan cousas demasiado interesantes. Dende que comecei a ler o libro pensei que María e Fran rematarían sendo noivos pero leveime unha sorpresa. No libro tampouco se fala demasiado do tema do ex noivo de Cris e gustaríame saber que pasou. O libro narra moi ben e de forma moi realista a vida dos estudantes e isto pode ensinarnos xa que dentro de pouco seremos nos os que estaremos na universidade. O final do libro non me gustou porque non quedan nunca. Paréceme pouco realista xa que despois de todo o que viviron pensei que ían manter o contacto durante toda a súa vida. O que máis triste me pareceu foi a vida de Miguel e a de María. A Miguel vaille ben, pero eu creo que non é feliz e non lle pagou a pena estudar tanto e perderse moitas experiencias que ofrece a universidade. María non sabía moi ben que facer coa súa vida e traballa nunha mercería o que me parece moi triste despois de estudar durante tantos anos. **(Elena)**

O libro "Eu de maior quero ser" de Rosa Aneiros conta como transcorre a vida de cinco mozos que estudan na universidade de Santiago de Compostela. Cada un dos personaxes representa un tipo de estudante, uns máis estudosos, outros mais relaxados ... Teñen personalidades moi diferentes o que fai que o lector se identifique doadamente con algún dos personaxes e mesmo que recoñeza outras persoas a través deles. Persoalmente esta novela fíxome reflexionar moito sobre os estudos, o futuro, pero sobre todo sobre as amizades que se fan e como poden influír na túa forma de ser. Nesta historia os personaxes conviven xuntos nun piso de Compostela, aínda que teñen as súas discusións, por temas de diñeiro, comida ou limpeza, aprenden a soportarse os uns aos outros. En canto a este libro gustaríame dicir que foi un dos máis interesantes que lin, non só pola lingua informal e directa, senón porque narra unha historia que podería ser real e que seguramente se pareza á nosa vida dentro duns anos. A autora logra conectar o lector cos personaxes e reflectir perfectamente como é a vida dura e estresante dos estudantes. **(Nerea)**

Eu de maior quero ser de autora Rosa Aneiros, é un libro cuxo tema principal é a vida que leva a cabo cinco universitarios en Santiago. Un tema realmente cotián e ambientado nunha cidade que todo o mundo coñece. Primeiro, quero destacar algúns elementos narrativos do libro. O narrador relata a historia en terceira persoa, de omnisciencia neutral, xa que ofrece unha visión impersoal dos acontecementos, e ten unha participación externa. En canto aos personaxes, son cinco rapaces que cursan o seu último curso na universidade, María, Ainhoa, Cris, Fran e Miguel. Son de caracterización redonda, porque presenta unha complexidade psicolóxica e evolucionan ao longo da narración. Non existe ningunha alteración na acción e no tempo, seguindo os esquemas clásicos. Está ambientada en Santiago, no ambiente universitario característico da cidade. Levar unha vida conxunta entre cinco rapaces non é nada doado, xa que hai hábitos dunha persoa que non podes soportar. Fíxome moita graza como a autora comeza con cada capítulo co reparto das tarefas de cada día, e posteriormente a irresponsabilidade destes de non facelo o que lles tocouse. Nun grupo sempre hai unha persoa que é máis madura, máis responsables e que saiba máis facer tarefas da casa, e neste caso é Ainhoa, a mamá do grupo. A autora tamén móstranos no libro a vida amorosa, as noites de festa, o futuro das cinco persoas e esas promesas de volta que nunca se cumpriron. A parte que me resultou máis triste é a separación dos cinco, xa que un día nós tamén teríamos que abandonar os nosos amigos, seguir adiante loitando polo futuro.

En conclusión, o libro non é que me gustase moito, porque non presenta unha historia ou trama concreta que puidese atraer a atención do lector. Pero tamén ten a súa parte positiva, que é a sinxeleza do vocabulario, do tema, e a facilidade da lectura. **(JingJing)**

"Eu de maior quero ser" da autora Rosa Aneiros, é un libro ameno e ambientado nun piso de cinco estudantes da capital universitaria de Santiago de Compostela. Cabe destacar que a historia esta narrada en terceira persoa, e o narrador atópase alleo a esta. Ten unha linguaxe sinxela, adaptada a nosa idade, o que o fai fácil de ler e en parte gracioso polas expresións escollidas, e da paso a reflexionar acerca de moitas cousas acerca do noso futuro. Presenta aos cinco personaxes, dos cales catro deles: María, Ainhoa, Cris e Fran, estudan o seu último ano de carreira de filoloxía galega, e por outra parte está Miguel, que aínda lle queda un ano máis debido a que estuda dereito. A autora ensínanos a vida universitaria; como estes amigos teñen que organizarse para manter o piso decentemente, as festas, os amoríos, os estudos, os seus desexos e a relación entre eles. Na miña opinión, gustoume o libro porque me fixo reflexionar acerca da vida universitaria que levarei dentro dun tempo, pero por outra parte faltoume unha trama, unha historia que durase dende o principio ata o final e que non só fora a vida dos personaxes. **(María)**

"Eu de maior quero ser", novela que nos amosa a vida de cinco mozos nun piso de estudantes. Cada un deles ten as súas inquietudes e a súa propia personalidade. Debo de recoñecer que me resultou algo estraño de ler posto que non segue un fío argumental concreto, senón que conta unha serie de sucesos e experiencias dos cinco protagonistas. A pesar diso, pareceume interesante a súa lectura xa que agora entendo mellor como pode ser a vida nun piso de estudantes, algo ao que vou ter que enfrontarme en moi pouco tempo. Dos cinco estudantes, tres son mozas e dous mozos. Temos a María, que é a que pon orde na casa; Cris, unha moza moi inestable, que depende demasiado duns pais autoritarios; Ainhoa, idealista e revolucionaria, cunhas ideas moi claras e con moita estabilidade emocional; Miguel, un mozo cuxo único obxectivo é o de estudar para non perder unha bolsa de estudos que precisa; e por último, Fran, que é un mozo sen preocupacións que percorre o mundo coa súa música rompendo un senfín de corazóns alí por onde pasa. Todos estes personaxes amosan personalidades moi diferentes que van contrastar ao longo de toda a novela, o que causará situacións de todo tipo. O espazo no que se desenvolve a obra é principalmente Santiago de Compostela, cidade onde estudan os nosos protagonistas. Aparecen algúns outros espazos sen menor importancia. O tempo, por outra banda, é presente, sitúase nun momento actual. O narrador da novela é externo e omnisciente, xa que non participa na historia e ten total coñecemento da psicoloxía dos personaxes. Estes personaxes son redondos, posto que evolucionan psicoloxicamente. Atopamos nun libro un cambio moi importante na vida das persoas, o cambio que supón pasar dunha vida de estudante, ata unha vida no mundo laboral. Sen dúbida un cambio a ter en conta. Ao final da novela asumen que a historia está a piques de rematar e que terán que separarse para buscar os seus camiños. Ao final da novela todos parten cara novos horizontes, sepáranse definitivamente, deixando atrás unha relación de moitos anos de convivencia. Algo que lles custa, por todas as vivencias que pasarán no seu piso de estudantes, polos namoramentos,

pero sobre todo polos fortes vínculos de amizade tecidos ao longo de tanto tempo. O final ten, por tanto, un aire amargo que contrasta co contido da novela, algo máis alegre. Para finalizar debo dicir que o libro gustoume, aínda que a linguaxe que emprega a autora é ás veces difícil de comprender. O mellor punto para min, é, sen dúbida, a posibilidade de coñecer como é a vida dun estudante nun piso, algo ao que moitos dos que vaian estudar unha carreira universitaria van enfrontarse. (**Carlos**)